

Ficha de comprensión lectora sobre o libro
titulado Escola de Bruxas.

Autora: María Canosa.

Le as preguntas con atención e demostra todo o
que sabes sobre o libro.



1. Como se chama a protagonista?

- a) Lucía.
- b) Mencía.
- c) Antía.

2. Que problema atopou cando chegou á escola?

- a) Que todos os bruxos e bruxas da súa clase xa se coñecían e ela era a única alumna nova.
- b) Que cambiou de cole a metade de curso e non coñecía a ninguén no cole novo.
- c) Que todos falaban outro idioma e non os entendía.

3. Por que é diferente a protagonista ao resto dos seus compañeiros?

- a) Porque os seus pais non son bruxos, procede dunha familia non máxica.
- b) Porque non ten aínda poderes máxicos.
- c) Porque non viste como unha bruxa, é morena de pel e non te verruga.

4. Con quen fai amizade a protagonista dende o primeiro día?

- a) Con Guillermina.
- b) Con Sibila.
- c) Con Nivaria.

5. Que obxecto debe traer a protagonista á escola de bruxas?

- a) Un caldeiro para facer apócemas.
- b) Unha vasoira para voar.
- c) Un uniforme de bruxa.

6. Que habilidade ten a protagonista que o resto da clase considera motivo de burla?

- a) Sabe tocar o violín.
- b) Sabe tocar a trompeta.
- c) Sabe tocar o saxofón.

7. Que consegue a protagonista cando toca o seu instrumento?

- a) Consegue facer bailar os animais.
- b) Consegue aledar o seu corazón.
- c) Consegue paralizar a quen escoita a súa música.

8. Como se lle dá á protagonista a súa primeira clase de voo?

- a) Dáselle fatal, ten moito medo a voar.
- b) Dáselle fatal e é a única que non consegue voar.
- c) Dáselle fatal, pero non é a única que non dá voadado.

9. Quen lle axuda a mellorar a súa técnica de voo?

- a) Os seus pais.
- b) A súa mellor amiga.
- c) A mestra don Otilia.

10. Que lle pasa á vasoira da protagonista?

- a) Que un día empezou a botar folliñas verdes.
- b) Que enfermou de sarampelo.
- c) Que non se movía.

11. De que árbore é a madeira da vasoira da protagonista?

- a) De carballo.
- b) De buxo.
- c) De salgueiro

12. A medida que pasan os días no curso a protagonista...

- a) Descubre que se lle dan xenial os remedios medicinais.
- b) Cre que non mellora e que debería deixar a escola de bruxas.
- c) É a primeira da clase en todo.

13. Como mellorou a protagonista a súa técnica para facer conxuros coa variña?

- a) Practicando moito sen parar.
- b) Imaxinando que está tocando música mentres pensa o conxuro.
- c) Non consegue mellorar.

14. Quen lle fai burla continuamente á protagonista?

- a) Zigor.
- b) Drac.
- c) Atila.

15. Cando a mestra Otilia lles pide traer unha mascota a clase, que problema ten a protagonista?

- a) Non ten ningunha mascota.
- b) A súa mascota é moi perigosa para traela a clase.
- c) A súa mascota sempre se porta mal en público.

16. Que mascota trouxo finalmente a protagonista?

- a) Un coello.
- b) Unha barbantesa.
- c) Un teixugo.

17. Que nome lle puxo á súa mascota?

- a) Cretáceo.
- b) Coliflor.
- c) Dous.

18. Que cambio notou a protagonista cos seus compañeiros e compañeiras de clase?

- a) Cada vez eran máis amables con ela e pedíanlle perdón por terlle feito burla.
- b) Xa non eran tan tímidos e falaban con ela.
- c) Que xa non lle dirixían a palabra porque lle tiñan envexa da súa mascota.

19. Como lle pasa á protagonista coa súa vasoira?

- a) É unha vasoira caprichosa que non lle fai caso e non sabe como facer para voar con ela. Non se entenden.

- b) Cada vez lle gusta menos voar e a vasoira quere cambiar de dona.
- c) A vasoira da protagonista é defectuosa.

20. Como consegue finalmente voar a protagonista?

- a) Non o consegue nunca.
- b) Ponlle nome á vasoira e establece un vínculo con ela a través da música.
- c) Cambia de vasoira por unha nova que funciona perfectamente.